

**01-07-2007 07:51:15**

## Xosé María Álvarez Blázquez

Categoría: [Música, literatura, audiovisual...](#) — [TeRMi](#)

Onte, sábado 30, a **RAG** reuniuse para acordar que o **Día das Letras Galegas 2008** será adicado a **Xosé María Álvarez Blázquez** e a súa breve pero xenial obra. Ademais de poeta escribiu narrativa e ensaio, foi arqueólogo, investigador e un notable editor.

Da obra deste ilustre tudense destacaremos *Poemas de ti e de min*, de 1949 (poemario co seu irmán, en diálogo, **Emilio Álvarez Blázquez**).

Vería máis importante se obras como *Canle Segredo*, 1976, publicáranse no momento da súa creación, **Ferrín** dixo que tería sido o sinal dun cambio de rumbo da poesía galega.

É o pai dos escritores **Álvarez Cáccamo**. O irmán, os fillos... Nesta familia escribe todo o mundo!

De tódolos xeitos non poden estar máis dacordo este ano coa homenaxe.

Se queredes saber máis deste escritor:

Podes [a súa entrada](#) na **Galipedia**.

Na **Wikipedia** en **castelán**.

[A nova](#) en **O Xornal**.

É en **Chuza**, onde vin o veredito final.

**Carballo Calero** e **Paz Andrade** terán que esperar.

Hai [1 comentarios](#) e [0 trackbacks](#). Léronse 57 veces.

### Trackbacks


[Trackback URL para este post](#)

### Comentarios

1. Carballo Calero será seguro o elixido pro 2009.

[Adantifan](#) — 02-07-2007 01:03:28 Hace 23 dias y 1 hora

Podes incluír os seguintes emoticóns na túa mensaxe:



Nome/Pseudónimo